Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da rectificación das políticas que no dan resposta ás necesidades de Galicia

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Daniel Vega Pérez, Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Jackeline E Fernández Macías e Raquel Arias Rodríguez**, ao abeiro do disposto o artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos necesario que se acometan diversas reformas no Centro de Saúde de Ribadeo, do que é titular o Servizo Galego de Saúde.

O Centro de Saúde de Ribadeo da servizo a un dos concellos máis importantes da comarca de A Mariña por poboación, Ribadeo, que conta con 10.000 habitantes.

Este centro conta na actualidade coa seguinte oferta asistencial:

- Administración de tratamentos farmacolóxicos de drogodependencias.
- Enfermería xeral.
- Enfermería obstétrico-xinecolóxica (matrona).
- Farmacia.
- Fisioterapia.
- Medicina xeral/de familia.
- Odontoloxía/estomatoloxía.
- Pediatría.
- Urxencias.
- Vacinación.

Desde o Grupo Parlamentario Popular destacamos o compromiso que o Goberno galego ten coa sanidade pública na comarca de A Mariña e temos varios exemplos de elo: a ampliación e remodelación do Hospital Público da Mariña Lucense; posta en marcha da Unidade de



Hospitalización a Domicilio e a súa ampliación cun segundo equipo; a posta en marcha do Servizo de Oncoloxía no Hospital Público da Mariña a través dun proceso gradual o que permite que as consultas de oncoloxía xa funcionan os cinco días da semana desde comezos de setembro de 2016 aplicándose os tratamentos de quimioterapia a todas as patoloxías oncolóxicas.

Polo tanto, sendo conscientes da determinación da Xunta de Galicia de potenciar os servizos sanitarios de A Mariña e co obxectivo primordial de que os cidadáns sexan atendidos nas mellores condicións e que os profesionais sanitarios desenvolvan o seu traballo nunhas instalacións cómodas, adecuadas e máis modernas, desde o Grupo Parlamentario Popular apelamos a ese compromiso coa sanidade pública que caracteriza ao Goberno da Xunta de Galicia para que acometa as reformas necesarias no Centro de Saúde de Ribadeo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a levar a cabo diversas reformas no Centro de Saúde de Ribadeo”.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 25/10/2019 12:55:39

Daniel Vega Pérez na data 25/10/2019 12:55:56

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 25/10/2019 12:56:09

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/10/2019 12:56:24

María Ángeles Garcia Míguez na data 25/10/2019 12:56:43

Marta Rodriguez Arias na data 25/10/2019 12:56:54

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 25/10/2019 12:57:11

María Soraya Salorio Porral na data 25/10/2019 12:57:27

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 25/10/2019 12:57:37

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 25/10/2019 12:57:57

Raquel Arias Rodríguez na data 25/10/2019 12:58:07



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, relativa ao seguimento da adherencia terapéutica.

Exposición de motivos

O correcto cumprimento por parte das persoas doentes dos tratamentos que prescriben os e as profesionais sanitarios resulta un elemento imprescindible para a remisión ou control dos problemas de saúde. Por iso o control da adherencia terapéutica é importante para o seu seguimento.

Os motivos de abandono dos tratamentos son diversos, mais existe un socialmente moi preocupante como é a pobreza farmacéutica.

Os niveis elevados de pobreza alcanzados en Galicia, que neste momento se tratan de medio millón de persoas cando menos, dificulta dita adherencia. Situación que empeorou desde 2012 coa entrada en vigor das medidas do RD 16/2012 que afectaron especialmente ás persoas pensionistas e á maioría que viven das rendas do seu traballo.

Segundo os datos do CIS o 3,9% da poboación galega non pode continuar cos seus tratamentos por motivos económicos. En torno a 100.000 galegas e galegos



precisan atención e medidas por parte do Executivo para mudar esta situación.

Durante a tramitación da Lei 3/2019 de ordenación farmacéutica de Galicia, o noso grupo parlamentar propuxo a necesidade de controlar a adherencia terapéutica en relación á pobreza farmacéutica, mais as emendas foron rexeitadas privándonos da posibilidade de controlar e abordar a realidade de milleiros de persoas.

Ante esta situación, presentamos a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a poñer en marcha un sistema de alertas que permita ante a falta de retirada de tratamentos prescritos trasladar esta información ao sistema público para atender os problemas socioeconómicos.

Santiago de Compostela, 23 de Outubro de 2019

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 25/10/2019 12:59:11





GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

José Manuel Lago Peñas na data 25/10/2019 12:59:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os recortes que o Goberno galego está aplicando en materia de sanidade están provocando un deterioro continuado do sistema sanitario público.

Dentro dos recortes, o persoal é dos principais afectados, sendo sistemática a redución de profesionais, o que significa maior carga de traballo e que a calidade asistencial tamén se vexa afectada.

A asistencia pediátrica é un servizo do sistema público de saúde que sofre con maior virulencia esta situación de recortes, con masificación de consultas e moita poboación infantil que non é atendida por facultativ@s de pediatría, co que significa de peor calidade asistencial.

Un lugar onde se están detectando problemas e queixas é no concello de Fene. O servizo de pediatría no PAC de Fene vén sufrindo problemas de atención pola falla de persoal, o PAC conta con 2 prazas de pediatra que están vacantes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O servizo que conta con dúas pediatras, teoricamente, leva desde setembro coas prazas sen cubrir e até este momento o Sergas non deu ningunha opción satisfactoria para solucionar esta situación.

Diante deste problema, pais e nais usuarios/as do PAC enviaron numerosas queixas ao Sergas pola vía ordinaria, e as respostas foron tan pintorescas como que acudisen as crianzas de 0 a 3 ás urxencias do CHUF A. Marcide, e os demais a calquera dos médicos de familia do centro de saúde que lles corresponda, Fene, Maniños ou A Capela. A xerencia do Sergas de Ferrol foi máis aló e prega por escrito paciencia e comprensión porque que non hai pediatras dispoñibles.

En definitiva, falamos dunha poboación pediátrica de 1.700 persoas que precisan unha resposta áxil do Sergas e non evasivas.

A saúde é un dereito fundamental, e para que a atención sanitaria que se preste sexa de calidade, é preciso contar co persoal necesario. No convencemento de que non hai asistencia sanitaria sen profesionais suficientes que a presten, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a garantir a atención pediátrica no concello de Fene en condicións de suficiencia e calidade, cubrindo as ausencias, vacacións ou baixas d@s pediatras e polo tanto realizar de inmediato as dúas ausencias de pediatría existentes.”

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2019





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 25/10/2019 12:57:21

Xosé Luis Bará Torres na data 25/10/2019 12:57:31

Noa Presas Bergantiños na data 25/10/2019 12:57:36

Olalla Rodil Fernández na data 25/10/2019 12:57:42

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/10/2019 12:57:50

Ana Pontón Mondelo na data 25/10/2019 12:57:57



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Martin Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Diego Calvo Pouso, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a **seguinte proposición non de lei para o seu debate en pleno**.

Exposición de motivos:

A chegada da alta velocidade a Galicia é un compromiso de país irrenunciable e, neste sentido, o Goberno galego vén exercendo o seu obrigado papel de vixilancia dos investimentos nesa obra pública, demandando de forma continua a ADIF e ao Ministerio de Fomento información sobre o progreso das obras.

A finalización da conexión en alta velocidade con Madrid, lamentablemente retrasada polo goberno de Pedro Sánchez, será posible mediante a adaptación da actual vía de entrada do ferrocarril na cidade de Ourense, mentres non se execute a Variante Exterior, que entraña gran complexidade, pero imprescindible dentro do proxecto global da alta velocidade a Galicia.

Desde o Goberno galego e desde este grupo parlamentario consideramos que, ademais da finalización das obras do AVE nos prazos comprometidos tamén se debe dotar a Galicia de trens que garantan tempos competitivos e permitan un servizo de frecuencias razoable, como son os trens AVRIL.

Desde este grupo parlamentario temos traído este asunto para debate neste Parlamento e tense aprobado un texto neste sentido, para demandar que se dote a Galicia de trens AVRIL, o único material rodante do parque móbil de Renfe que garante plenamente as prestacións de alta velocidade en vías con ancho variable, como é o caso da vía entre Madrid e Galicia.

Unha vez que temos avanzado nestas demandas, que agora deben concretarse e formalizarse por parte do Ministerio de Fomento, desde este grupo parlamentario vemos oportuno dar un novo paso para incidir na necesaria planificación, por parte do Goberno do Estado, dos anchos de vía ferroviaria.

A día de hoxe, o ancho de vía internacional, ou ancho estándar, é o máis estendido no mundo: máis do 60% das liñas ferroviarias existentes contan con este ancho.



Aquí en España, o ancho estándar introduciuse, por vez primeira, coa liña de alta velocidade Madrid-Sevilla, á que seguiu a liña de alta velocidade Madrid-Barcelona.

O Goberno estatal, a través do Plan estratéxico de infraestruturas e transportes 2005-2020 (PEIT) asumiu como unha prioridade a substitución, de forma paulatina e progresiva, do ancho ibérico polo ancho estándar na rede ferroviaria española. Tamén o posterior Plan de infraestruturas, Transporte e Vivenda 2012-2024 (PITVI) mantén este obxectivo.

Polo tanto, e aínda que o desenvolvemento e consecución deste obxectivo non chega a concretarse e definirse nestes plans, o certo é que, de acordo á planificación vixente, a rede ferroviaria de vía ancha en España deberá cambiar a ancho estándar de forma paulatina e progresiva.

Para facilitar este obxectivo, téñense desenvolvido xa unha serie de tecnoloxías que tratan de facilitar a transición de ancho de vía, tanto a nivel da infraestrutura, como dos vehículos. Porén, a medida que se ten ido avanzando nestas novas tecnoloxías, tamén se descubriron novas dificultades na tarefa de levar a cabo o cambio de ancho de vía.

Ante isto, e tendo en conta que o contar cun ancho de vía diferente ao estándar nas liñas ferroviarias, podería supoñer un risco de illamento ferroviario para Galicia co conseguinte menoscabo na competitividade do noso territorio, tanto no relativo ao transporte de viaxeiros como de mercadorías, desde este grupo parlamentario consideramos necesario que o Ministerio de Fomento aborde esta circunstancia e realice unha planificación completa ao respecto do ancho de vía en todo o sistema ferroviario español.

Polo exposto, desde este grupo parlamentario presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en pleno:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a dirixirse ao Ministerio de Fomento para solicitarlle o desenvolvemento dunha planificación clara e global sobre o ancho de vía no conxunto da rede ferroviaria na que se defina, no seu caso:

- Programación sobre a súa execución;
- A que liñas afectaría o cambio de ancho de vía e con que criterios;
- Que tecnoloxía se empregará;

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



-Medidas para garantir os servizos ferroviarios de viaxeiros e de mercadorías durante o proceso de cambio;

-Obxectivos que se agardan acadar coa rede resultante de dita planificación, tanto no que respecta a servizos de viaxeiros como ao de mercadorías.

Esta planificación deberá garantir que o noroeste español e, en particular, a rede ferroviaria da Comunidade galega sexa plenamente competitiva tanto a nivel de transporte de mercadorías como de pasaxeiros”.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 25/10/2019 13:16:43

Martín Fernández Prado na data 25/10/2019 13:16:56

Jaime Castiñeira Broz na data 25/10/2019 13:17:16

Diego Calvo Pouso na data 25/10/2019 13:17:40

Jacobo Moreira Ferro na data 25/10/2019 13:18:07

Antonio Mouriño Villar na data 25/10/2019 13:18:26

María Julia Rodríguez Barreira na data 25/10/2019 13:19:00

Gonzalo Trenor López na data 25/10/2019 13:19:15

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 25/10/2019 13:19:31



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez** e **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

Recentemente tiñamos coñecemento de que en a lo menos nove escolas infantís situadas nos concellos de A Coruña, Fene, Arteixo, Muros, Mazaricos, Boiro, Choupana e Hío, todas elas pertencentes á rede Galiña Azul, xestionadas pola Xunta de Galicia, déronse casos dunha reacción en bebés tras consumir o menú escolar. Aínda que a comida elabórase nos propios centros, unha mesma empresa encárgase de xestionar o persoal, e as compras en todos eles.

Polo de agora non se determinou o número exacto de bebés intoxicados, nin o goberno galego descarta que poida haber máis centros afectados. Segundo afirmou o propio Presidente da Xunta, todo apunta a que a causa desta reacción sería o peixe servido na comida, que podería presentar, *“un nivel alto de toxinas posiblemente debido a rotura da cadea de frío durante a súa conservación”*.

A infancia é a etapa da vida máis importante, xa que nela prodúcese cambios constantemente; as escolas infantís dependentes da administración pública, non só teñen que alimentar correctamente aos máis pequenos e pequenas tendo en conta as distintas necesidades (menús especiais, tendencias...), senón que deben garantir a seguridade alimentaria, e favorecer as condicións que permitan a adquisición progresiva duns hábitos alimentarios saudables, e unha boa relación coa comida.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar, de maneira urxente, inspeccións en todas as Galiñas Azuis afectadas polas reaccións detectadas en bebés tras consumir o menú escolar, así como na empresa encargada de xestionar as compras, e nos provedores da mesma. Tralas inspeccións elaborárase un informe no que se indicará se procede impoñer algunha sanción, e que a lo menos conterà unha avaliación do risco de que estes feitos poidan



volver a repetirse, e un cronograma e orzamento específico para implementar as medidas preventivas precisas para evitalo.

Pazo do Parlamento, 25 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 25/10/2019 17:53:53

Julio Torrado Quintela na data 25/10/2019 17:54:04

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 25/10/2019 17:54:14



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa das súas deputadas **Eva Solla Fernández** e **Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, relativa á situación da cociña do CHUO.

Exposición de motivos

A situación do servizo de cociña no hospital de Ourense é a todas luces incomprendible. A demora na apertura das novas instalacións de custe millonario carece de xustificación e obriga a manter o servizo nunhas dependencias nas que son habituais os accidentes laborais polo deterioro da maquinaria e chans, na que parte da propia maquinaria non funciona correctamente e na que ademais non hai un correcto control de pragas, advertíndose a presenza de roedores.

Por outra parte, os traballadores e traballadoras do servizo teñen denunciado as sospeitas de redución de cadro de persoal na unidade cando se acometa a apertura das novas instalacións. Esta medida suporía un incremento innecesario da carga de traballo do persoal, sendo ademais unha decisión tomada sen observar o funcionamento da nova unidade.

O Conselleiro de Sanidade parece ter confirmado este extremo, xa que confirmou que se ían reducir as presenzas por quenda, isto é, haberá menos persoal no servizo das categorías que actualmente traballan nel.

Cabe lembrar a elevada precariedade no mesmo, xa que por exemplo na categoría de pinches de cociña a porcentaxe de persoal titular de praza é inferior ao 23% do total.



Ademais disto prevese a xubilación do xefe de Cociña, polo que a Consellería debera ter preparado de xeito transparente o procedemento para o seu relevo.

Polo exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Abrir, coa maior brevidade, a nova cociña do CHUO mantendo a totalidade da actual plantilla das diferentes categorías.
- 2.- Proporcionar a formación necesaria, a todo o persoal, para a apertura da nova cociña.
- 3.- Valorar, no mes posterior á súa apertura, co persoal e cos representantes sindicais a marcha da nova cociña e as posibles medidas de mellora.
- 4.- Publicar, de xeito transparente, o método da provisión da Xefatura de Servizo cando sexa necesario o relevo atendendo aos principios de mérito e capacidade.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2019

Asdo. Eva Solla Fernández

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 58172
Data envío: 28/10/2019 14:30:00.603

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 28/10/2019 14:16:29

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 28/10/2019 14:16:43

José Manuel Lago Peñas na data 28/10/2019 14:16:54

CSV: BOPGDSPGkqyqC4aMe7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputadas **Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

A recente mobilización veciñal promovida pola Plataforma Casalonga Limpa de Residuos, celebrada o pasado domingo 27 de outubro, no que se congregou a máis de 3.000 veciños, volve, e por enésima vez, poñer o foco de atención nunha situación de verdadeiro escándalo do que está acontecendo con determinadas actividades vinculadas ao sector dos residuos e de supostas restauracións de canteiras.

Cabe destacar que na canteira de Casalonga, a empresa promotora, ao mesmo tempo que tramita as respectivas autorizacións, está desenvolvendo actividades de labores e operacións para as que non ten permiso, a expensas da resolución da administración. Neste sentido, iniciou a semana pasada o baleirado directo das augas, acumuladas nas lagoas artificiais alí rexeneradas, polos regatos abaixo, e da que pensamos se trata de destruír o que hoxe supón a mellor opción de restauración ambiental da canteira, por estar esta restauración case consumada (da que só precisaría dunhas mínimas intervencións de acondicionamento ecolóxico pouco complexas, para un resultado de recuperación ecolóxica completo e satisfactorio), pois de manterse, suporía un serio obstáculo aos seus plans de presentar e defender unha restauración ambiental mediante o recheo por valorización de residuos de construción, nunha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

operación que agocha unha verdadeira actividade comercial de retirar residuos mediante depósito (o que vén sendo un vertedoiro).

Mais non só temos o exemplo desta canteira de Teo, da que existe o xa citado movemento veciñal que está a darlle resonancia a problemática, senón, tamén, sabemos que existen outras canteiras con actividades moi pouco transparentes, e tamén denunciadas, máis que interesadamente, ou non, pasan inadvertidas as gravísimas problemáticas que se agochan detrás, das que non transcende moito ao público.

Diante disto preguntámonos se a administración está ao tanto destas situacións, e se é así que está a facer no exercicio das súas responsabilidades no tocante a garantir a protección da poboación e do medio. Mais temos dúbidas, á vista dos impactos que se aprecian, moitos deles mesmo neste momento, e ante o coñecemento de denuncias presentadas incluso por asociacións que representan ao propio sector, do que realmente está acontecendo con algunhas canteiras que están funcionando como posibles “vertedoiros ilegais comerciais”, pois aínda tendo autorización para “restauración” ou coma “plantas de reciclaxe de RCD”, na práctica son auténticos vertedoiros. Con casos coñecidos nas provincias de A Coruña, Pontevedra, ou Lugo. Neste último, parécenos moi grave, e dubidamos que exista o cumprimento de legalidade algunha, o que está sucedendo co oco mineiro presente en Santa María de Bóveda, nos que se verten directamente sobre un oco anegado de auga miles de toneladas de residuos de obras sen a máis mínima clasificación, e no que vai parar todo tipo de RCD, lixo industrial, uralita, plásticos, etc. E do que lles convidamos que busquen fotografías e vídeos actualizados existentes nas redes que dan testemuño fiel do que alí está ocorrendo. E así, temos outros varios casos, e dos que demandamos da Administración que se poña as pilas para poñer fin a estas intolerables actividades ilegais.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estes feitos, o que poñen en claro é que temos un gravísimo problema coa aplicación da normativa estatal do Real Decreto 975/2009, de 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, así como do RD 105/2008 de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición. Na práctica están servindo coma un coadeiro normativo para que algunhas empresas do sector dos residuos dispoñan de canteiras para executar a súa actividade coma vertedoiros comerciais, vestidos de supostos plans de restauración. Un problema que presumimos que se acrecentará unha vez que se aprobe a modificación que está en curso, por parte do actual goberno do Estado, do Real Decreto 1481/2001, de 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“Instar á Xunta a que solicite ao goberno do Estado unha valoración sobre a problemática que subxace na aplicación do RD 975/2009, de 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, que están dando cabida a macrovertedoiros encubertos baixo supostas restauracións ambientais, y en relación con este do RD 105/2008 de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición. Así mesmo, que solicite tamén unha valoración sobre a modificación en curso do RD 1481/2001, de 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro, en tanto que pode acrecentar unha maior recorrencia deste problema.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Instar á Xunta a que solicite do goberno do Estado a modificación desta normativa nun sentido especialmente garantista para a poboación e o medio, e para evitar que sexa a vía de entrada de vertedoiros encubertos.

Instar á Xunta de Galiza a que modifique o PRIGA para darlle encaixe ás plantas de tratamento e reciclaxe dos residuos de construción para evitar este tipo de prácticas.”

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 29/10/2019 10:34:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 29/10/2019 10:34:52

Noa Presas Bergantiños na data 29/10/2019 10:34:58

Olalla Rodil Fernández na data 29/10/2019 10:35:05

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/10/2019 10:35:13

Ana Pontón Mondelo na data 29/10/2019 10:35:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á necesidade da restitución inmediata do servizo de radiodiagnóstico do Centro de Saúde de Celanova.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo constancia dun novo agravio do goberno de Núñez Feijóo contra o sistema público de atención á saúde, neste caso unha situación que afecta ao Centro de Saúde de Celanova e, por extensión, a poboacións do arredor.

Nestes momentos non está operativo o servizo de Radiodiagnóstico do Centro de Saúde de Celanova debido presuntamente a unha avaría que xa dura tres meses.

Esta situación trae consigo unha serie de problemas para a cidadanía que deben ser solucionados canto antes:

1. Deixa sen cobertura a unha área xeográfica moi extensa que abrangue os concellos de Entrimo, Muíños, Lobeira, A Bola, Bande, Vereá, Ramirás, Quintela de Leirado, Padrenda, A Merca, Gomesende, Pontedeva, Lobios, Cartelle e Celanova.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. As pacientes destes concellos teñen que realizar un desprazamento innecesario a Ourense, que nalgúns casos é moi custoso pola distancia (ata 80Km); en tempo e economicamente.

3. Soportan un gran prexuízo pola demora nos diagnósticos, que incluso pode provocar un retraso no tratamento da doenza. O persoal médico solicitante non pode ver a radiografía en presenza da paciente no mesmo día que a solicita.

4. As habitantes destes concellos prodúceselles un agravio comparativo que non gozan, en igualdade, da carteira de servizos do Sergas.

Esta situación constitúe unha discriminación da veciñanza das Terras de Celanova por razón do lugar no que viven e supón un novo deterioro na atención sanitaria nas vilas que non se pode consentir e que vai en consonancia tamén coa desidia que o propio goberno da Xunta de Galiza mantén respecto das melloras deste tipo de servizos e da atracción de persoal profesional da especialidade de radioloxía.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a restituír de forma inmediata, con maquinaria adecuada, horario e persoal suficiente, o Servizo de Radiodiagnóstico no Centro de Saúde de Celanova.”

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2019





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/10/2019 17:30:10

Xosé Luis Bará Torres na data 29/10/2019 17:30:22

María Montserrat Prado Cores na data 29/10/2019 17:30:28

Olalla Rodil Fernández na data 29/10/2019 17:30:35

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/10/2019 17:30:42

Ana Pontón Mondelo na data 29/10/2019 17:30:48



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar do Grupo Común da Esquerda, a iniciativa dos seus deputados Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno**, sobre a situación que se está a dar na canteira de Casalonga, en Teo.

Exposición de motivos

As operacións de restauración da canteira de Casalonga pasaron recentemente por un procedemento de participación pública e avaliación ambiental: “Plan de restauración da concesión de explotación “Casalonga II” Nº 6996”, con número de expediente 2019/0104”, mais, a día de hoxe, non existe constatación de resolución algunha por parte da Administración.

Diversos colectivos ecoloxistas e plataformas veciñais, como a Plataforma Casalonga Limpa de Residuos, veñen denunciando que os chamados traballos de restauración da antiga canteira de Casalonga levan encuberta a creación dun megavertidoiro en ditos terreos.

Nos anos transcorridos dende o cese da explotación da canteira ata a actualidade, produciuse unha rexeneración natural do espazo, xurdindo neles unha lagoa poboada de rica fauna e tupida vexetación de ribeira. Podemos falar dun auténtico proceso de restauración ambiental.

Detectouse recentemente que a empresa propietaria dos terreos iniciou traballos de baleirado da lagoa, mediante verquido directo desta masa de auga a Dominio Público Hidráulico. Esta situación foi denunciada pola Plataforma Casalonga



limpa de Residuos e desembocou na apertura dun expediente sancionador por parte de Augas de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Elaborar un censo de flora e fauna existente no hábitat actual da lagoa de Casalonga.
- Elaborar un estudo para analizar a posible contaminación biolóxica augas abaixo provocada polo baleirado da lagoa
- Parar de xeito inmediato calquera tipo de actividade que se produza nos terreos da antiga canteira, namentres non se resolva o milleiro de alegacións ambientais presentadas.
- Garantir que se produza unha verdadeira rexeneración ambiental nos terreos da antiga canteira de Casalonga.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Vicevoceiro e deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/10/2019 18:07:48
Nº Rexistro: 58209
Data envío: 29/10/2019 18:07:48.045

Antón Sánchez García na data 29/10/2019 18:06:29

Marcos Cal Ogando na data 29/10/2019 18:06:39

CSV: BOPGDSPGkayqC4aMe7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa dos seus deputados **Francisco Casal Vidal, Luís Villares Naveira e Davide Rodríguez Estévez** e da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate no **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Federación de Redeiras O Peirao constituída por 7 asociacións de redeiras situadas en Cariño, Cedeira, Malpica, Corme, Cambados, Cangas e Baixo Miño, e que suman 110 mulleres redeiras asociadas e federadas iniciaron hai anos un camiño de recoñecemento e asociativo para poder levar a cabo uns obxectivos. Entre eles destacan a regulación a nivel estatal a profesión de confección e mantemento de redes e aparellos de pesca, a loita contra o instrusismo laboral, a visibilización do traballo, a mellora das condicións laborais, a garantía do relevo xeracional, a mellora das estruturas portuarias, a busca de alternativas de emprego para as redeiras, a prevención dos riscos laborais e o recoñecemento das continxencias profesionais derivadas do traballo de redeiras e a eliminación da fenda salarial existente entre os distintos subsectores dedicados á confección e conservación de redes e aparellos de pesca.

Na consecución do obxectivo de recoñecemento das continxencias profesionais, a Federación de Redeiras O Peirao solicitoulle á Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social o inicio dos trámites para o recoñecemento dos coeficientes reductores.

A Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social negouse a comezar o procedemento para as redeiras, debido a que non aprecian incremento de



morbilidade nin de mortalidade para o colectivo pese a que si se contemplan para a versión masculina destes oficios.

Isto supón un descoñecemento absoluto da dureza que soportan estas mulleres tecedoras e reparadoras das redes a man, que soportan quilos de peso, xa que cando as redes se reparan conteñen o peso duplicado ou triplicado por estar molladas, ademais dos fungos, etc. que conteñen.

A resolución do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social contradí outros informes da UE e do Ministerio de Pesca que animan a que se introduzan estes coeficientes redutores.

Entre os riscos que padecen homes e mulleres pertencentes ao colectivo de redeiras son os sobre esforzos e enfermidades profesionais en relación coa carga física por exposición laboral a movementos repetitivos dos brazos e das mans, posturas forzadas e mantidas no tempo, manipulación, pulo e arrastre de cargas e aplicación de forzas, cortes, golpes e caídas, e as condición adversas na realización do traballo: no barco ou no peirao, humidade, correntes de aire, presión dos tempos de entrega dos pedidos, prolongación das xornadas de traballo, etc.

Os riscos na saúde son evidentes (recollidos na guía de boas prácticas das redeiras do Instituto de Saúde e Seguridade Laboral de Galicia

1. Lesións dos tendóns por fatiga, e inflamación das vaíñas tendinosas, tecidos peritendinosos e insercións musculares e tendinosas como son:
 - Epicondilite e epitrocleite.
 - Tendinite e tenosinovite.
 - Ganglión.
2. Neuropatías por presión: Síndrome do Túnel do Carpo.
3. Contracturas musculares.



4. Na columna vertebral: cervicalxias, dorsalxias e lumbalxias.
5. Dor nas articulaci3ns.
6. Escordaduras articulares e lesi3ns ligamentosas.
7. Dor nas plantas dos p3s.
8. Golpes de calor, micose, frieiras, arrefriamentos, agravamento doutras enfermidades existentes.
9. Fen3meno de Raynaud.
10. Cambras e esgotamento f3sico.
11. Malestar de pernas e agravamento de trastornos do retorno venoso.
12. Feridas na pel e as u3as.
13. Calosidades nas mans.

A postura do corpo adoptada das redeiras tam3n 3 un factor de moito peso na realizaci3n do traballo, estando de p3 o 30% das mulleres, sentadas no 29% dos casos, e no 41% alternaban ambas. Ademais as redes quilom3tricas molladas que supo3nen pesos, a aparici3n de enfermidades da pel coma o cancro de pel, a humidade continua e a insalubridade derivada dos traballos de reciclaxe xa que as redes que se recollen ve3nen ateigadas de materiais en descomposici3n que provocan, entre outras doenzas, infecci3ns oculares e alerxias.

O ISM di que se te3nen que presentar informe ou estudio que acredite a conexi3n entre as condici3ns insalubres, os accidentes de traballo e as enfermidades profesionais e que se curse de novo a solici3n a trav3s do artigo 10 do Real Decreto 1311/2007 de 5 de outubro, que establece novos criterios para determinar a pensi3n de xubilaci3n do R3xime Especial da Seguridade Social das persoas Traballadoras do Mar.

As redeiras son o 3nico subsector da pesca que non ten reco3necido o coeficiente redutor, constitu3ndo isto unha desigualdade de x3nero con respecto aos compa3eiros redeiros, que desenvolven as mesmas tarefas e que si disfrutan de samingua na idade de xubilaci3n.



As redeiras sofren discriminación respecto aos seguintes colectivos de persoal mergullador, persoal estibador, persoal mariscador e persoal administrativo das confrarías.

Posteriormente, o ISM reconsiderou a súa postura inicial e comprometeuse co colectivo O Peirao a iniciar de oficio o procedemento para adiantar a idade de xubilación das redeiras, inda que a Seguridade Social lles mandara tramitar a petición a través dos sindicatos ou dunha organización de empresarios. Este proceso vai tardar mínimo 3 anos e suporá un aumento das cotizacións.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate no Pleno.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Desenvolver ciclos formativos para redeiras dentro do programa orzamentario 422K da Consellería do Mar

2.- Mellorar as instalacións nas que as redeiras realizan o seu traballo, para conseguir que as naves nas que realizan os traballos reúnan as condicións de salubridade e comodidades mínimas.

3.- Dirixirse ao Goberno do Estado para realizar as modificacións no réxime especial de persoas traballadoras do mar establecendo o recoñecemento do coeficiente redutor para redeiras, así como a homologación das percebeiras e mariscadoras ao 0,15% nos termos sinalados polo Instituto Social da Mariña, para dar inicio conforme ao artigo 10 do Real Decreto 1698/2011.

4.- Reclamar do Goberno do Estado que este coeficiente redutor non implique incremento de cotas á Seguridade Social, sen que isto supoña unha redución da base de cotización.



5.-Eliminar, por parte do goberno do Estado, a condición do relevo xeracional imposta para a tramitación da modificación dos coeficientes redutores.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Luís Villares Naveira

Davide Rodríguez Estévez

Paula Vázquez Verao

Deputados, deputada e Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 29/10/2019 18:09:59

David Rodríguez Estévez na data 29/10/2019 18:10:15

Paula Vázquez Verao na data 29/10/2019 18:10:32

Luis Villares Naveira na data 29/10/2019 18:13:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego continuamos a insistir na necesidade de mellorar o transporte ferroviario entre Ourense e A Coruña e Santiago de Compostela para revertir o agravio con Ourense e favorecer o seu mellor aproveitamento por parte das e dos ourensás.

Cómpre ter en conta que actualmente as e os galegos padecemos un modelo baseado no centralismo e na conexión con Madrid no lugar de estar concibido para a conexión interna do país. A día de hoxe Galiza non ten un servizo de tren de proximidade, non temos sistema ferroviario modernizado nin un servizo equiparábel ao cercanías que cumpra coa súa función de conexión rápida, segura e útil para vertebración territorial entre cidades e vilas galegas. Máis aínda, para o caso de Ourense salienta negativamente o estado das conexións con Santiago e Coruña, unha liña fundamental para conectar poboacións e para conectarnos coa franxa atlántica.

Dunha banda Ourense, malia conservar conexións pola súa posición estratéxica de vía de saída á Meseta continua sendo discriminada nos prezos, nos horarios e nas condicións de venda dos billetes da liña Avant Ourense-Santiago-Coruña. Doutra



banda, o coñecido como tren rexional atópase en cada vez peor estado, cunha limitación de liñas absurda que non obedece ás necesidades de conexión da poboación, que se agrava nos fins de semana e véspera de festivos e que é extrema xa se entramos a analizar o estado dos propios trens que se empregan, nun grado de obsolescencia que mesmo ten sido recoñecida pola propia RENFE.

Co obxecto de reconducir esta situación, o pasado 7 de febreiro de 2018 o Pleno do Parlamento Galego debateu unha Proposición non de Lei do Bloque Nacionalista Galego sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas necesidades existentes e as melloras necesarias no transporte ferroviario entre Ourense, Santiago de Compostela e A Coruña. Da resultante deste debate derivou un acordo parlamentario unánime cuxo texto transaccionado era o seguinte:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:

1.- Esixir do Goberno central unha equiparación das políticas e modalidades tarifarias en todo o territorio galego para evitar a actual e evidente situación de discriminación que se ve en función do lugar de residencia dos galegos e galegas.

banda, o coñecido como tren rexional atópase en cada vez peor estado, cunha limitación de liñas absurda que non obedece ás necesidades de conexión da poboación, que se agrava nos fins de semana e véspera de festivos e que é extrema xa se entramos a analizar o estado dos propios trens que se empregan, nun grado de obsolescencia que mesmo ten sido recoñecida pola propia RENFE.

Co obxecto de reconducir esta situación, o pasado 7 de febreiro de 2018 o Pleno do Parlamento Galego debateu unha Proposición non de Lei do Bloque Nacionalista Galego sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas necesidades existentes e as melloras necesarias no transporte ferroviario entre Ourense, Santiago de Compostela e A Coruña. Da resultante deste debate derivou un acordo parlamentario unánime cuxo texto transaccionado era o seguinte:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:

1.- Esixir do Goberno central unha equiparación das políticas e modalidades tarifarias en todo o territorio galego para evitar a actual e evidente situación de discriminación que se ve en función do lugar de residencia dos galegos e galegas.

2.- Solicitar do Goberno central unha ampliación das frecuencias horarias desde Ourense para mellorar a comunicación con Compostela e A Coruña.

3.- Reformular os termos e condicións dos bonos de transporte Abono Tarxeta Plus, Tarxeta Plus 10 e Tarxeta Plus 10 Estudantes para aumentar o período de uso que rexe a partir da data da primeira formalización da reserva, de forma que se poida empregar en máis tempo que na actualidade.

4.- Ampliar a frecuencia horaria da liña rexional Ourense -Santiago para mellorar a mobilidade e entre as poboacións intermedias de acordo coa demanda”.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pasado un tempo razoábel, o grupo nacionalista empregou o mecanismo parlamentar de Preguntas Oraís en Comisión para facer seguimento destas cuestións na Comisión 2.^a de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos do día 22 de marzo de 2018 e desenvolveu tamén unha interpelación coa súa respectiva moción en maio de 2019 demandando tamén a prolongación da liña Avant Ourense-Santiago-Coruña entre Ourense e Monforte para superar o illamento do interior e modernizar os servizos.

Porén, a día de hoxe as actuacións impulsadas pola Xunta de Galiza para facer valer as necesidades ferroviarias existentes máis alá do debate da Alta Velocidade son insuficientes, e as actuacións ao respecto das forzas estatais son directamente inexistentes.

Mentres, as necesidades seguen enriba da mesa como demostra o aumento de prezos do AVANT no 2019 ou os continuos problemas coa liña de rexional, abusos nas persoas consumidoras ao cobrárselles o prezo do billete e non darlles un lugar para sentarse, masificacións, atrasos, avarías ou feitos sangrantes como os denunciados a fin de semana do 27 de outubro cando usuarios e usuarias que se tiveron que rebelar na estación do Carballiño ao ofrecérselles un tren turístico no que non collía toda a demanda.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2.^a:

“O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Demandar do Goberno do Estado as transferencias en materia de ferrocarril interior, xunto cun financiamento axeitado, co obxectivo de crear unha compañía pública ferroviaria galega (GALTREN) que mellore a prestación deste servizo no noso país e favoreza a vertebración económica, social e territorial do país mediante un tren de proximidade galego sobre o que ter capacidade decisoria respecto da política tarifaria, horaria e de desenvolvemento.

2. Demandar do goberno central a inmediata modernización da liña de rexional Ourense-Santiago de Compostela, a comezar polos trens empregados, garantindo a seguridade e suficiencia do servizo e reforzándoo nas fins de semana e vésperas de festivo.

3. Remitir ao Parlamento galego unha relación dos contactos escritos así como reunións oficiais que mantivo o goberno galego cos diferentes organismos do goberno central e de Renfe-Adif co obxecto de dar cumprimento ás demandas unánimes do Parlamento Galego do día 7 de febreiro de 2018 e do día 28 de maio de 2019.

4.- Elaborar un informe propio sobre a demanda existente nas poboacións intermedias da liña ferroviaria entre Ourense e Santiago de Compostela e remitila á Cámara Galega cunha proposta de mellora de cara a que sexa debatida e solicitada ao goberno central.”

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 30/10/2019 12:11:17

Xosé Luis Bará Torres na data 30/10/2019 12:11:24

María Montserrat Prado Cores na data 30/10/2019 12:11:29

Olalla Rodil Fernández na data 30/10/2019 12:11:36

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/10/2019 12:11:44

Ana Pontón Mondelo na data 30/10/2019 12:11:51



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Martin Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Diego Calvo Pouso, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a **seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Exposición de motivos:

O pasado 24 de outubro o Consello da Xunta avaliaba un novo informe, elaborado por técnicos da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, sobre os prazos de finalización da alta velocidade entre Madrid e Galicia e o avance das actuacións comprometidas para a modernización da liña ferroviaria entre Ourense e Lugo. Nese documento técnico analizábase a viabilidade de cumprimento do calendario comprometido polo Goberno de España en relación á culminación destas infraestruturas ferroviarias estratéxicas para Galicia.

Con ese informe na man, o Goberno galego constataba a imposibilidade de que o Goberno central cumpra o cronograma comprometido para a finalización das obras da alta velocidade a Madrid antes de que remate este ano 2019, así como que en 2021 poidan estar rematadas as obras que permitirán acurtar a viaxe entre Lugo e Madrid situándoa por debaixo das 4 horas.

Segundo se deu a coñecer, ese informe acredita a practica finalización das obras da alta velocidade coa Meseta en canto á estrutura, pero que non se cumprirían os prazos comprometidos, que foron ratificados polo Goberno central de Pedro Sánchez, polo retraso que se acumula nas bases de montaxe, os subministros e os traballos de seguridade nos túneles, o que faría retrasar, en varios meses, o inicio da fase de probas.

Cómpre lembrar que tanto o presidente do Goberno actual, Pedro Sánchez, como o ministro de Fomento, José Luis Ábalos, se comprometeron con Galicia e cos galegos a finalizar as obras do tren de alta velocidade a Madrid neste ano 2019 e que os trens poderían estar circulando, con todas as garantías de seguridade, en 2020. O mínimo que deben facer agora é dicirnos aos galegos se van cumprir esa palabra. Porque Galicia xa leva tempo de máis esperando pola chegada do AVE á Meseta e os cidadáns galegos merecen, cando menos, información, transparencia e explicacións.



Máis cando hai tan só uns días o señor Pedro Sánchez veu a Galicia como candidato do Partido Socialista para pedir o voto pero non como presidente do Goberno do Estado a dicirnos aos galegos como están as obras do AVE e se van cumprir os compromisos adquiridos con esta Comunidade.

Algo semellante ocorre coa modernización ferroviaria entre Lugo e Ourense, onde o Goberno galego tamén ten constatado que o prazo de finalización en 2021 non é asumible, toda vez ata o de agora non hai ningunha obra en marcha e a única actuación licitada representa unha porcentaxe mínima das intervencións necesarias para que esta modernización poida estar finalizada no prazo comprometido de 2021.

Desde este grupo parlamentario consideramos que é de xustiza que os galegos poidamos contar con información transparente e se nos dean explicacións de cando van estar completamente finalizadas as obras da alta velocidade entre Galicia e Madrid, de cando se van poder mercar os billetes, e cando os cidadáns de Lugo poderán beneficiarse da modernización comprometida na liña ferroviaria con Ourense. E é por iso que presentamos esta proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a esixir do Goberno do Estado que:

- 1.- Ofreza información transparente e de maneira regular, como se acordou co anterior Goberno, da evolución das obras e de cando vai estar completamente rematada a conexión en alta velocidade entre Galicia e Madrid.
- 2.- Explique en que mes concreto se prevén comezar os traballos de probas nesta liña ferroviaria e a previsión que manexa para a comercialización dos billetes e a circulación de trens comerciais. En concreto, con respecto ao treito Zamora-Pedralba de la Pradería, detalle das probas que se teñen realizado ata o momento e con que resultados, así como a planificación das restantes.
- 3.- Aclare o cronograma en relación ás contratacións e execución das obras para a modernización da liña ferroviaria entre Lugo e Ourense”.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Pedro Puy Fraga na data 30/10/2019 12:31:03

Martín Fernández Prado na data 30/10/2019 12:31:25

Jaime Castiñeira Broz na data 30/10/2019 12:32:39

Diego Calvo Pouso na data 30/10/2019 12:33:00

Jacobo Moreira Ferro na data 30/10/2019 12:33:19

Antonio Mouriño Villar na data 30/10/2019 12:33:36

María Julia Rodríguez Barreira na data 30/10/2019 12:33:58

Gonzalo Trenor López na data 30/10/2019 12:34:14

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 30/10/2019 12:34:30



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Luis Manuel Alvarez Martínez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Concepción Burgo López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

O IES Manuel Murguía de Arteixo é un centro educativo no que hai preto de 900 alumnos matriculados nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato. Ademais funciona neste centro a sección da Escola Oficial de Idiomas de A Coruña. Presenta, polo tanto, un moi elevado uso das súas instalacións.

Segundo se ten trasladado a este grupo parlamentario existen graves problemas relacionados por un lado coa antigüidade do edificio e por outro polo uso habitual das instalacións por un elevado número de alumnos ao longo dos cursos.

Así, no edificio novo danse problemas de filtracións de auga pola cuberta que, aínda que se van resolvendo puntualmente, parecen necesitar dunha solución definitiva que pasaría pola substitución da cuberta ou, en todo caso, unha actuación que supera a capacidade económica do centro.

Tamén se teñen dado casos no edificio antigo de fiestras que presentan un elevado desgaste nos carrís sobre os que deslizas as follas, o que ten suposto a caída dalgunha delas co evidente risco de provocar graves danos persoais. Ante esta situación se teñen adoptado medidas provisionais coa finalidade de atallar esta situación; dende contratar a unha empresa para a súa reparación (actuación que resultou un fracaso) ou fixar as estruturas de xeito que as follas que compoñen a fiestra non podan moverse o que, evidentemente, imposibilita a súa funcionalidade.

Resulta evidente que se debe proceder á substitución das fiestras, en primeiro lugar por seguridade, en segundo por funcionalidade e, por último, por eficiencia térmica.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a levar a cabo, antes de que remate o actual curso, as actuacións necesarias nos edificios do IES Manuel Murguía de Arteixo coa finalidade de garantir a correcta funcionalidade dos edificios que o compoñen.

Pazo do Parlamento, 30 de outubro de 2019

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Concepción Burgo López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/10/2019 12:46:39

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 30/10/2019 12:46:49

Maria de la Concepción Burgo López na data 30/10/2019 12:46:59

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 30/10/2019 12:47:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, relativa ao incumprimento por parte da Xunta de Galiza das condicións da concesión das illas de San Simón e San Antón, outorgada polo Estado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.A illa de San Simón é un ben pertencente ao dominio público marítimo-terrestre cuxa titularidade pertence ao Estado. Por Orde do 19 de setembro de 1997, o Ministerio de Medio Ambiente outorgou á Xunta de Galicia a concesión da ocupación de 33.361 m² de terreos para usos relacionados cos recursos mariños.

Posteriormente, con data de 12 de xullo de 2001, autorizábase a modificación da concesión anterior para levar a cabo as obras contidas no “Plan Director das Illas de San Simón e San Antonio”, de conformidade coas condicións que substitúen na súa totalidade as contidas na Orde anterior. Segundo esta concesión, a illa non poderá dedicarse a usos distintos dos incluídos na concesión, que recolle como uso principal o docente e cultural. Queda prohibido expresamente o uso hoteleiro e a administración estatal debe informar con carácter vinculante os proxectos de xestión directa ou indirecta que se presten nas illas. Ademais, establécese o principio de acceso público e gratuíto.

Ademais da súa natureza de ben de dominio público, a Xunta de Galicia declarou as Illas de San Simón e San Antonio Ben de Interese Cultural, coa categoría de Sitio histórico. Neste sentido, as administracións con competencias na materia están obrigadas a cumprir o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

establecido na Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galicia nomeadamente en relación coa obriga de aprobar Plans especiais de protección.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1. Cumprir as condicións establecidas no outorgamento pola administración do Estado da concesión das illas de San Simón e San Antón, no concello de Redondela.
2. Prohibir os usos hostaleiros na illa, nomeadamente aquelas actividades con finalidade lucrativa e que se desenvolven en edificios ou espazos declarados Bens de Interese Cultural.
3. Non autorizar as actividades que vaian en contra do principio do uso público e gratuito das illas.
4. Adoptar as medidas para a elaboración e aprobación do Plan Especial de Protección do sitio histórico Illas de San Simón e San Antón.”

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 30/10/2019 13:16:54

María Montserrat Prado Cores na data 30/10/2019 13:16:59

Noa Presas Bergantiños na data 30/10/2019 13:17:06

Olalla Rodil Fernández na data 30/10/2019 13:17:15

Xosé Luis Rivas Cruz na data 30/10/2019 13:17:22

Ana Pontón Mondelo na data 30/10/2019 13:17:32



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a través dos seus deputados e deputada **Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao e Francisco Casal Vidal**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O informe da Conta do ano 2018, presentado pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia indica que Medio Rural non executou o total do orzamento do que dispuña. Así deixou de executar 116.037 millóns de euros, algo que tamén sinalou o Sindicato Labrego Galego.

Outra axencia na que se deu o mesmo feito é AGADER, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural que deixou sen executar 11.895 millóns de euros, o que supón o 49,09% do seu orzamento.

Por outra banda, a Consellería sinalou que vai rematar coas axudas agroambientais porque o sector non as pide.

Estas axudas agroambientais, que dependen da financiación da Política Agraria Común, teñen como obxectivos a produción de alimentos ecolóxicos cun carácter marcadamente medioambiental, axudando na loita contra o cambio climático e a xestión sostible dos recursos naturais mentres permiten a modernización das infraestruturas gandeiras, o acceso a estes produtos polas persoas consumidoras mentres se permite que gandería e agricultura teñan uns ingresos mínimos, e todo coa conservación das mesmas e do paisaxe conforme aos mandatos da Unión Europea. Todas estas axudas, que inda subsistirán ata o ano 2021, non volverán a convocarse para vindeiros anos mentres se revisa a PAC e hai un novo PDR.



Porén, este dato de que o sector da agricultura e gandería non demanda estas axudas agroambientais é rotundamente falso. O Sindicato Labrego di que benefician ás granxas con modelos sustentables de produción que supoñen arredor de 4000 nas provincias de Lugo e Ourense. Estas subvencións supoñen un impulso importante para estas granxas que, no caso do sector vacún de carne, axudan á supervivencia das mesmas, sempre moi vencelladas ao territorio, e que se conxelarán a partir do ano 2021 mentres dure a reforma da Política Agraria Común.

A secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego xa sinalara da paralización destas axudas agroambientais, nos anos 2020 e 2021 desde que comezou a reforma da PAC, que a Xunta, a través da Consellería de Medio Rural podía adiantar tal e como aconteceu noutras comunidades, como en Castela e León na que se creou unha partida de 56 millóns de euros.

Ademais, esta política de recorte contrasta con que non se gasten os cartos orzamentados, como no caso de AGADER, axencia dependente da Consellería de Medio Rural, na que non se gastaron os cartos que había dispoñibles, para unha axencia que conta entre os seus programas a de promoción e fixación de persoas no rural, e desenvolvemento económico ligado ao campo e aos sectores produtivos que nel se desenvolven.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1.-Crear unha partida de axudas agroambientais con carácter bianual, para as explotacións galegas, que adiante a subvención que despois se percibe coa PAC e manter esta liña de axudas no tempo.



2.- Executar as accións para consolidar liñas de negocio e economías circulares que se crean nas aldeas e concellos nas que se asentan as explotacións e que repercutirá no incremento da fixación da poboación que vive nas aldeas.

3.- Executar liñas de acción arredor das explotacións, nas contornas rurais, para expandir as mesmas, mellorando e impulsando o acceso a venda en liña e as ferramentas TIC para consolidar eses mercados e xerando economía de valor engadido relacionada con eses produtos.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Francisco Casal Vidal

Paula Vázquez Verao

Deputados, deputada e voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 30/10/2019 14:08:11

Paula Vázquez Verao na data 30/10/2019 14:08:20

Luis Villares Naveira na data 30/10/2019 14:08:32

Francisco Casal Vidal na data 30/10/2019 14:08:43



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento do Parlamento, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 5.^a** relativa á situación da logopedia en Galicia.

Exposición de motivos.

A logopedia é unha profesión sanitaria encargada de estudar, tratar e previr os problemas da comunicación humana, a linguaxe. As persoas diplomadas universitarias en logopedia desenvolven as actividades de prevención, avaliación e recuperación dos trastornos da audición, a fonación e a linguaxe, mediante técnicas terapéuticas propias de súa disciplina, tal e coma recolle a lexislación en materia de profesións sanitarias.

Son profesionais que atenden tamén os problemas de mastigación e deglución sendo este un elemento importante en persoas con trastornos neurolóxicos e motores relacionados con estas funcións que dificultan a súa alimentación e a preservación das vías aéreas.

É unha profesión ademais altamente feminizada (máis dun 95% de tituladas) e cunha media de idade relativamente baixa que sofre tamén unha alta precariedade, con baixos salarios e abundancia do tempo parcial.

Actualmente a rateo de logopedas na sanidade pública en Galicia é de 1/150.000 habitantes, unha cifra claramente insuficiente que empeora se atendemos á súa distribución. Das 17 profesionais, só unha fai o seu traballo en Lugo e ningunha en Ourense o que representa unha evidente falta de equidade.



Por outra parte, a situación en relación aos servizos sociais é aínda máis problemática, xa que a Consellería de Políticas Sociais non conta con ningunha logopeda entre o seu cadro de persoal, non existindo este servizo para as persoas maiores, con diversidade funcional ou dependentes usuarias das residencias e centros de día públicos.

Ante esta situación, presentamos a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Reunirse co Colexio Profesional de Logopedas de Galicia respondendo á solicitude cursada.
- 2.- Elaborar, nun prazo de tres meses, un plan de mellora da asistencia logopédica no SERGAS con base ás aportacións das e dos profesionais que contemple os incrementos de persoal necesarios en todas as áreas sanitarias e garanta un mínimo de persoal en cada distrito sanitario.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/10/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 58371
Data envío: 31/10/2019 14:12:33.631

3.- Elaborar desde a Consellería de Política Social, e atendendo ás aportacións das e dos profesionais, un plan de implantación progresiva da logopedia nas residencias e centros de día da CCAA que permita ó inicio da súa aplicación nesta lexislatura.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2019

Asdo. Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 31/10/2019 14:04:11

José Manuel Lago Peñas na data 31/10/2019 14:04:23



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 4.^a**, relativa ás intoxicacións alimentarias producidas en varios colexios.

Exposición de motivos

O venres 18 de outubro, cinco garderías da rede da Galiña Azul, dependentes do Consorcio Galego de Benestar Social, advertiron de numerosas intoxicacións provocadas polo menú do día. Nenos e nenas das escolas infantís de A Choupana e O Hío, en Cangas, e de Arteixo, Eirís e A Sardiñeira, en Coruña, experimentaron unha serie de reaccións alérxicas que puxeron en alerta aos mestres e mestras dos centros. Todos eles comeran palometa. Posteriormente, o persoal de Saúde Pública confirmou que o pescado (tanto cru como cociñado) contiña histamina, unha substancia que aparece cando se degrada a histidina, un aminoácido esencial en animais.

Agora, volve repetirse a situación. Máis de corenta alumnos e alumnas de nove centros educativos de primaria e secundaria de Pontevedra e Marín sufriron unha intoxicación causada por palometa. Nin a empresa nin o catering eran os mesmos que nos casos das garderías, pero o lote de pescado era o mesmo.

Tendo en conta que, dende o primeiro momento, o Goberno galego sospeitou que o mal estado da palometa podía deberse a unha ruptura da cadea do frío durante o



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

proceso de distribución, é inexplicable que non adoptara as medidas pertinentes para retirala do mercado. Tampouco que non advertira ás empresas de catering de que non continuara ofrecendo o mesmo menú nos comedores públicos polo menos ata que se esclarecese o sucedido e se puideran ofrecer garantías de seguridade alimentaria.

Co seu desleixo, a Xunta de Núñez Feijóo volve demostrar que nin entender a relevancia que os comedores escolares teñen para a fomento de hábitos de vida saudables nin está capacitada para facerse cargo da súa xestión.

Polo exposto, presentase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Adoptar as medidas necesarias para retirar a palometa en mal estado do mercado e solicitar ás empresas de catering e aos centros educativos que non a ofrezan nos menús escolares ata que se poidan ofrecer garantías de seguridade alimentaria.

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Vicevoceira e deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:





GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Luca Chao Pérez na data 31/10/2019 16:18:22

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 31/10/2019 16:19:22



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa ás medidas a tomar diante da proposta de TACs e cotas por parte da Comisión Europea.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Comisión Europea acaba de facer pública a súa proposta de totais admisíbeis de capturas (TACs) e cotas para o ano 2020, na que persiste na marxinación a Galiza en base a teóricos informes científicos. Só desde unha posición de forza dos estados máis fortes da Unión Europea e da defensa dos seus intereses económicos e comerciais se pode entender a proposta realizada.

Realizan unha proposta de recorte tanto para o Gran Sol como para augas ibéricas, a pesares de que a biomasa está en bo estado, 59 stocks están no rendemento máximo sostíbel (RMS) en augas nas que faena moita da frota galega.

Proposta de novo de rebaixa das posibilidades de pesca: 20% para a pescada ibérica e 19% para a do Gran Sol. Redución para o xurelo do 50% na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

IXa e 41% na VIIIc. A cigala un 23% menos na IXa e só tres toneladas nas unidades funcionais 25 e 31. Rebaixa do peixe sapo dun 3%.

A decisión será adoptada no Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea no mes de decembro, polo que compre tomar unha posición activa en defensa do sector pesqueiro galego para que esta proposta non se verifique.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Demandar do Goberno español o establecemento de negociacións urxentes para a rectificación da proposta realizada pola Comisión Europea de TACs e cotas que afectan á frota galega de xeito que non se establezan máis recortes nas nosas posibilidades de pesca.

2.- Reivindicar o establecemento dunha cota especificamente galega para a captura de especies nas nosas augas, así como rematar coa marxinación na relación con outras frotas, que en augas galegas poden faenar en condicións máis favorábeis que a nosa propia frota,

3.- Reclamar a exención da pesca artesanal galega de TACs e cotas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4.-Exercer dun xeito real e efectivo as competencias que ten atribuídas Galiza en materia pesqueira e en augas interiores.”

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2019

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 31/10/2019 16:54:21

Xosé Luis Bará Torres na data 31/10/2019 16:54:42

Noa Presas Bergantiños na data 31/10/2019 16:54:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 31/10/2019 16:54:55

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/10/2019 16:55:03

Ana Pontón Mondelo na data 31/10/2019 16:55:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á afirmación realizada polo Presidente da Xunta a respecto dunha nova ambulancia para o Deza, situada en Lalín.

O Presidente da Xunta na sesión de control celebrada no Parlamento Galego o día 23 de outubro, afirmou textualmente que “haberá unha nova ambulancia no Deza, situada en Lalín” “está adxudicado desde o mes de setembro”.

No Prego de Cláusulas Administrativas para a Contratación do Servizo de Transporte Urxente Sanitario Terrestre para a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, consta no “lote 12 Área de transporte sanitario urxente de Santiago unha (1) ambulancia AA-SUB CLASE B 24 horas, con ubicación base en Lalín con zona de cobertura Agolada, Dozón, Lalín e Rodeiro, coincidindo exactamente coa xa existente.

Na resolución da adxudicación asinada con data 24 de setembro de 2019 á UTE Casablanca y Otros, sen que se estableza ningunha modificación a respecto do prego de cláusulas administrativas.

Polas razóns expostas fórmase a seguinte interpelación:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A nova ambulancia anunciada, é a que consta na resolución do concurso ou outra a maiores?

Se é unha a maiores, onde consta a súa adxudicación?

Cando e onde costa a modificación do Prego de Cláusulas administrativas ampliando as que estaban inicialmente?

Cales son as súas características: tipo de ambulancia, número de profesionais destinad@s á mesma, horas que vai estar operativa...?

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2019

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 24/10/2019 18:29:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 24/10/2019 18:29:48

Noa Presas Bergantiños na data 24/10/2019 18:29:54

Olalla Rodil Fernández na data 24/10/2019 18:30:02

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/10/2019 18:30:10

Ana Pontón Mondelo na data 24/10/2019 18:30:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

Os recortes que o Goberno galego está aplicando en materia de sanidade están provocando un deterioro continuado do sistema sanitario público.

Dentro dos recortes, o persoal é dos principais afectados, sendo sistemática a redución de profesionais, o que significa maior carga de traballo e que a calidade asistencial tamén se vexa afectada.

A asistencia pediátrica é un servizo do sistema público de saúde que sofre con maior virulencia esta situación de recortes, con masificación de consultas e moita poboación infantil que non é atendida por facultativ@s de pediatría, co que significa de peor calidade asistencial.

Un lugar onde se están detectando problemas e queixas é no concello de Fene. O servizo de pediatría no PAC de Fene vén sufrindo problemas de atención pola falla de persoal, o PAC conta con 2 prazas de pediatra que están vacantes.

O servizo que conta con dúas pediatras, teoricamente, leva desde setembro coas prazas sen cubrir e até este momento o Sergas non deu ningunha opción satisfactoria para solucionar esta situación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Diante deste problema, pais e nais usuarios/as do PAC enviaron numerosas queixas ao Sergas pola vía ordinaria, e as respostas foron tan pintorescas como que acudisen as crianzas de 0 a 3 ás urxencias do CHUF A. Marcide ,e os demais a calquera dos médicos de familia do centro de saúde que lles corresponda, Fene, Maniños ou A Capela. A xerencia do Sergas de Ferrol foi máis aló e prega por escrito paciencia e comprensión porque que non hai pediatras dispoñibles.

En definitiva, falamos dunha poboación pediátrica de 1.700 persoas que precisan unha resposta áxil do Sergas e non evasivas.

A saúde é un dereito fundamental, e para que a atención sanitaria que se preste sexa de calidade, é preciso contar co persoal necesario. Desde o convencemento de que non hai asistencia sanitaria sen profesionais suficientes que a presten, formulamos a seguinte interpelación:

Como valora o Goberno galego que non se cubran as prazas de pediatría nos centros de saúde, como no caso de Fene ?

Considera o Goberno galego que con estas carencias están ben atendid@ @s nen@s?

Van atender as demandas existentes e proceder a substituír @s pediatras?

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2019





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 25/10/2019 13:10:31

Xosé Luis Bará Torres na data 25/10/2019 13:10:37

Noa Presas Bergantiños na data 25/10/2019 13:10:44

Olalla Rodil Fernández na data 25/10/2019 13:10:51

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/10/2019 13:10:57

Ana Pontón Mondelo na data 25/10/2019 13:11:04



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Recentemente tiñamos coñecemento de que en a lo menos nove escolas infantís situadas nos concellos de A Coruña, Fene, Arteixo, Muros, Mazaricos, Boiro, Choupana e Hío, todas elas pertencentes á rede Galiña Azul, xestionadas pola Xunta de Galicia, déronse casos dunha reacción en bebés tras consumir o menú escolar. Aínda que a comida elabórase nos propios centros, unha mesma empresa encárgase de xestionar o persoal, e as compras en todos eles.

Polo de agora non se determinou o número exacto de bebés intoxicados, nin o goberno galego descarta que poida haber máis centros afectados. Segundo afirmou o propio Presidente da Xunta, todo apunta a que a causa desta reacción sería o peixe servido na comida, que podería presentar, *“un nivel alto de toxinas posiblemente debido a rotura da cadea de frío durante a súa conservación”*.

A infancia é a etapa da vida máis importante, xa que nela prodúcese cambios constantemente; as escolas infantís dependentes da administración pública, non só teñen que alimentar correctamente aos máis pequenos e pequenas tendo en conta as distintas necesidades (menús especiais, tendencias...), senón que deben garantir a seguridade alimentaria, e favorecer as condicións que permitan a adquisición progresiva duns hábitos alimentarios saudables, e unha boa relación coa comida.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia dos menús que se serven nas escolas infantís públicas?
2. Cantas inspeccións se realizaron nestes centros durante o ano 2018?
3. Que medidas vai tomar o goberno galego para evitar que se volvan a repetir casos de intoxicación en escolas infantís?
4. Está facendo o Goberno galego todo o posible para garantir a seguridade alimentaria dos máis pequenos?

Pazo do Parlamento, 25 de outubro de 2019





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2019 17:58:29
Nº Rexistro: 58147
Data envío: 25/10/2019 17:58:29.776

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 25/10/2019 17:56:11

Julio Torrado Quintela na data 25/10/2019 17:56:18

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGkqyqC4aMe7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego continuamos a insistir na necesidade de mellorar o transporte ferroviario entre Ourense e A Coruña e Santiago de Compostela para revertir o agravio con Ourense e favorecer o seu mellor aproveitamento por parte das e dos ourensás.

Cómpre ter en conta que actualmente as e os galegos padecemos un modelo baseado no centralismo e na conexión con Madrid no lugar de estar concibido para a conexión interna do país. A día de hoxe Galiza non ten un servizo de tren de proximidade, non temos sistema ferroviario modernizado nin un servizo equiparábel ao cercanías que cumpra coa súa función de conexión rápida, segura e útil para vertebración territorial entre cidades e vilas galegas. Máis aínda, para o caso de Ourense salienta negativamente o estado das conexións con Santiago e Coruña, unha liña fundamental para conectar poboacións e para conectarnos coa franxa atlántica.

Dunha banda Ourense, malia conservar conexións pola súa posición estratéxica de vía de saída á Meseta continua sendo discriminada nos prezos, nos horarios e nas condicións de venda dos billetes da liña Avant Ourense-Santiago-Coruña. Doutra banda, o coñecido como tren rexional atópase en cada vez peor estado, cunha limitación de liñas absurda que non obedece ás necesidades de conexión da poboación, que se





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

agrava nos fins de semana e véspera de festivos e que é extrema xa se entramos a analizar o estado dos propios trens que se empregan, nun grado de obsolescencia que mesmo ten sido recoñecida pola propia RENFE.

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego continuamos a insistir na necesidade de mellorar o transporte ferroviario entre Ourense e A Coruña e Santiago de Compostela para revertir o agravio con Ourense e favorecer o seu mellor aproveitamento por parte das e dos ourensás.

Cómpre ter en conta que actualmente as e os galegos padecemos un modelo baseado no centralismo e na conexión con Madrid no lugar de estar concibido para a conexión interna do país. A día de hoxe Galiza non ten un servizo de tren de proximidade, non temos sistema ferroviario modernizado nin un servizo equiparábel ao cercanías que cumpra coa súa función de conexión rápida, segura e útil para vertebración territorial entre cidades e vilas galegas. Máis aínda, para o caso de Ourense salienta negativamente o estado das conexións con Santiago e Coruña, unha liña fundamental para conectar poboacións e para conectarnos coa franxa atlántica.

Dunha banda Ourense, malia conservar conexións pola súa posición estratéxica de vía de saída á Meseta continua sendo discriminada nos prezos, nos horarios e nas condicións de venda dos billetes da liña Avant Ourense-Santiago-Coruña. Doutra banda, o coñecido como tren rexional atópase en cada vez peor estado, cunha limitación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de liñas absurda que non obedece ás necesidades de conexión da poboación, que se agrava nos fins de semana e véspera de festivos e que é extrema xa se entramos a analizar o estado dos propios trens que se empregan, nun grado de obsolescencia que mesmo ten sido recoñecida pola propia RENFE.

Co obxecto de reconducir esta situación, o pasado 7 de febreiro de 2018 o Pleno do Parlamento Galego debateu unha Proposición non de Lei do Bloque Nacionalista Galego sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas necesidades existentes e as melloras necesarias no transporte ferroviario entre Ourense, Santiago de Compostela e A Coruña. Da resultante deste debate derivou un acordo parlamentario unánime cuxo texto transaccionado era o seguinte:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:

1.- Esixir do Goberno central unha equiparación das políticas e modalidades tarifarias en todo o territorio galego para evitar a actual e evidente situación de discriminación que se ve en función do lugar de residencia dos galegos e galegas.

2.- Solicitar do Goberno central unha ampliación das frecuencias horarias desde Ourense para mellorar a comunicación con Compostela e A Coruña.

3.- Reformular os termos e condicións dos bonos de transporte Abono Tarxeta Plus, Tarxeta Plus 10 e Tarxeta Plus 10 Estudantes para aumentar o período de uso que rexe a partir da data da primeira formalización da reserva, de forma que se poida empregar en máis tempo que na actualidade.

4.- Ampliar a frecuencia horaria da liña rexional Ourense -Santiago para mellorar a mobilidade e entre as poboacións intermedias de acordo coa demanda”.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pasado un tempo razoábel, o grupo nacionalista empregou o mecanismo parlamentar de Preguntas Orais en Comisión para facer seguimento destas cuestións na Comisión 2.^a de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos do día 22 de marzo de 2018 e desenvolveu tamén unha interpelación coa súa respectiva moción en maio de 2019 demandando tamén a prolongación da liña Avant Ourense-Santiago-Coruña entre Ourense e Monforte para superar o illamento do interior e modernizar os servizos.

Porén, a día de hoxe as actuacións impulsadas pola Xunta de Galiza para facer valer as necesidades ferroviarias existentes máis alá do debate da Alta Velocidade son insuficientes, e as actuacións ao respecto das forzas estatais son directamente inexistentes.

Mentres, as necesidades seguen enriba da mesa como demostra o aumento de prezos do AVANT no 2019 ou os continuos problemas coa liña de rexional, abusos nas persoas consumidoras ao cobrárselles o prezo do billete e non darlles un lugar para sentarse, masificacións, atrasos, avarías ou feitos sangrantes como os denunciados a fin de semana do 27 de outubro cando usuarios e usuarias que se tiveron que rebelar na estación do Carballiño ao ofrecérselles un tren turístico no que non collía toda a demanda.

Por estes motivos fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que horizonte prevé o goberno galego para a ampliación e mellorar dos servizos e horarios do tren rexional entre Ourense e Santiago para a conexión das poboacións intermedias?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 30/10/2019 12:16:05

Xosé Luis Bará Torres na data 30/10/2019 12:16:12

María Montserrat Prado Cores na data 30/10/2019 12:16:19

Olalla Rodil Fernández na data 30/10/2019 12:16:27

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/10/2019 12:16:36

Ana Pontón Mondelo na data 30/10/2019 12:16:44





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ao incumprimento por parte da Xunta de Galiza das condicións da concesión das illas de San Simón e San Antón, outorgada polo Estado.

1.A illa de San Simón é un ben pertencente ao dominio público marítimo-terrestre cuxa titularidade pertence ao Estado. Por Orde do 19 de setembro de 1997, o Ministerio de Medio Ambiente outorgou á Xunta de Galicia a concesión da ocupación de 33.361 m² de terreos para usos relacionados cos recursos mariños.

Posteriormente, con data de 12 de xullo de 2001, autorizábase a modificación da concesión anterior para levar a cabo as obras contidas no “Plan Director das Illas de San Simón e San Antonio”, de conformidade coas condicións que substitúen na súa totalidade as contidas na Orde anterior. Segundo esta concesión, a illa non poderá dedicarse a usos distintos dos incluídos na concesión, que recolle como uso principal o docente e cultural. Queda prohibido expresamente o uso hoteleiro e a administración estatal debe informar con carácter vinculante os proxectos de xestión directa ou indirecta que se presten nas illas. Ademais, establécese o principio de acceso público e gratuíto.

Ademais da súa natureza de ben de dominio público, a Xunta de Galicia declarou as Illas de San Simón e San Antonio Ben de Interese Cultural, coa categoría de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sitio histórico. Neste sentido, as administracións con competencias na materia están obrigadas a cumprir o establecido na Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galicia nomeadamente en relación coa obriga de aprobar Plans especiais de protección.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Está cumprindo a Xunta de Galiza as obrigas derivadas da concesión da illa de San Simón e San Antón outorgada polo Ministerio de Medio Ambiente na Orde do 12 de xullo de 2001?

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 30/10/2019 11:34:14

María Montserrat Prado Cores na data 30/10/2019 11:34:20

Noa Presas Bergantiños na data 30/10/2019 11:34:26

Ana Pontón Mondelo na data 30/10/2019 11:34:34

Olalla Rodil Fernández na data 30/10/2019 11:34:42

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/10/2019 11:34:50



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Concepción Burgo López, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** en **Pleno**.

O IES Manuel Murguía de Arteixo é un centro educativo no que hai preto de 900 alumnos matriculados nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato. Ademais funciona neste centro a sección da Escola Oficial de Idiomas de A Coruña. Presenta, polo tanto, un moi elevado uso das súas instalacións.

Segundo se ten trasladado a este grupo parlamentario existen graves problemas relacionados por un lado coa antigüidade do edificio e por outro polo uso habitual das instalacións por un elevado número de alumnos ao longo dos cursos.

Así, no edificio novo danse problemas de filtracións de auga pola cuberta que, aínda que se van resolvendo puntualmente, parecen necesitar dunha solución definitiva que pasaría pola substitución da cuberta ou, en todo caso, unha actuación que supera a capacidade económica do centro.

Tamén se teñen dado casos no edificio antigo de fiestras que presentan un elevado desgaste nos carrís sobre os que deslizas as follas, o que ten suposto a caída dalgunha delas co evidente risco de provocar graves danos persoais. Ante esta situación se teñen adoptado medidas provisionais coa finalidade de atallar esta situación; dende contratar a unha empresa para a súa reparación (actuación que resultou un fracaso) ou fixar as estruturas de xeito que as follas que compoñen a fiestra non podan moverse o que, evidentemente, imposibilita a súa funcionalidade.

Resulta evidente que se debe proceder á substitución das fiestras, en primeiro lugar por seguridade, en segundo por funcionalidade e, por último, por eficiencia térmica.



Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Comparte que son necesarias actuacións urxentes para garantir, en primeiro lugar a seguridade persoal e en segundo lugar a correcta funcionalidade dos edificios?

Pazo do Parlamento, 30 de outubro de 2019

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Concepción Burgo López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/10/2019 12:47:25

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 30/10/2019 12:47:34

Maria de la Concepción Burgo López na data 30/10/2019 12:47:47



Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira, Francisco Casal Vidal e Paula Vázquez Verao, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

O informe da Conta do ano 2018, presentado pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia indica que Medio Rural non executou o total do orzamento do que dispuña. Así deixou de executar 116.037 millóns de euros, algo que tamén sinalou o Sindicato Labrego Galego.

Outra axencia na que se deu o mesmo feito é AGADER, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural que deixou sen executar 11.895 millóns de euros, o que supón o 49,09% do seu orzamento.

Por outra banda, a Consellería sinalou que vai rematar coas axudas agroambientais porque o sector non as pide.

Estas axudas agroambientais, que dependen da financiación da Política Agraria Común, teñen como obxectivos a produción de alimentos ecolóxicos cun carácter marcadamente medioambiental, axudando na loita contra o cambio climático e a xestión sostible dos recursos naturais mentres permiten a modernización das infraestruturas gandeiras, o acceso a estes produtos polas persoas consumidoras mentres se permite que gandería e agricultura teñan uns ingresos mínimos, e todo coa conservación das mesmas e do paisaxe conforme aos mandatos da Unión Europea. Todas estas axudas, que inda subsistirán ata o ano 2021, non volverán a convocarse para vindeiros anos mentres se revisa a PAC e hai un novo PDR.



Porén, este dato de que o sector da agricultura e gandería non demanda estas axudas agroambientais é rotundamente falso. O Sindicato Labrego di que benefician ás granxas con modelos sustentables de produción que supoñen arredor de 4000 nas provincias de Lugo e Ourense. Estas subvencións supoñen un impulso importante para estas granxas que, no caso do sector vacún de carne, axudan á supervivencia das mesmas, sempre moi vencelladas ao territorio, e que se conxelarán a partir do ano 2021 mentres dure a reforma da Política Agraria Común.

A secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego xa sinalara da paralización destas axudas agroambientais, nos anos 2020 e 2021 desde que comezou a reforma da PAC, que a Xunta, a través da Consellería de Medio Rural podía adiantar tal e como aconteceu noutras comunidades, como en Castela e León na que se creou unha partida de 56 millóns de euros.

Ademais, esta política de recorte contrasta con que non se gasten os cartos orzamentados, como no caso de AGADER, axencia dependente da Consellería de Medio Rural, na que non se gastaron os cartos que había dispoñibles, para unha axencia que conta entre os seus programas a de promoción e fixación de persoas no rural, e desenvolvemento económico ligado ao campo e aos sectores produtivos que nel se desenvolven.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada do Grupo Parlamentario Mixto presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Por que vai retirar a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Rural, as axudas agroambientais para sectores estratéxicos en Galicia?



Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Luís Villares Naveira
Francisco Casal Vidal
Paula Vázquez Verao
Deputados e deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 30/10/2019 13:57:16

Paula Vázquez Verao na data 30/10/2019 13:57:24

Luis Villares Naveira na data 30/10/2019 13:57:37

Francisco Casal Vidal na data 30/10/2019 13:57:47



A Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, José Manuel Rey Varela, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, M^a Julia Rodríguez Barreira, Beatriz Mato Otero, Guadalupe Murillo Solís e Sandra Vázquez Domínguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Goberno da Xunta vén mantendo nos últimos anos un compromiso firme cos galegos da diáspora, tanto para garantir o seu benestar no exterior como para favorecer e facilitar o seu retorno a Galicia. Para afondar nesa liña, o programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria dos galegos nas eleccións autonómicas de 2016 incluía un compromiso específico de “intensificar os programas que incentivan o retorno emprendedor a Galicia”.

Mostra disto é a Estratexia Emigración 2020 e a Estratexia Retorna 2020, ambas aprobadas no 2018. No caso da Estratexia Retorna 2020, a Xunta estableceu como obxectivo prioritario o regreso de máis de 20.000 galegos da diáspora, dos cales 12.000 terán menos de 45 anos, garantindo así os seus dereitos de retorno. Este documento contempla numerosas actuacións dirixidas a garantir “o dereito dos galegos a viviren e traballaren na propia terra”, un principio reitor recollido no artigo 4.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Unha estratexia dotada de 15 millóns de euros para medidas específicas e 220 millóns de euros para accións transversais que abarca dende o asesoramento e seguimento dos galegos da diáspora en todas as fases do retorno, ata medidas de protección social e de integración no mercado laboral, o emprendemento, a innovación, a vivenda ou a formación.

Precisamente no eido da educación, a formación e a captación de talento do exterior, a Secretaría Xeral de Emigración leva anos convocando as Bolsas Excelencia Mocidade Exterior (BEME), das que se benefician os mellores expedientes académicos da diáspora galega, que obteñen unha axuda económica para cursar un mestrado nunha das tres universidades públicas da nosa Comunidade.



Dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos que estas bolsas de estudos incentivan o retorno de galegos residentes do exterior con currículos excelentes, contribuíndo a que Galicia se converta nun lugar onde estudar e continuar a carreira profesional como destino laboral de calidade.

Do mesmo xeito, estas bolsas favorecen a fixación de poboación nova na Galicia territorial, abrindo aos estudantes do mestrado a novas oportunidades de emprego e de emprendemento.

É neste eido no que se enmarcan as Axudas ao Retornado Emprendedor, tamén integradas na Estratexia Retorna 2020 e que pretenden promover o autoemprego dos emigrantes que volven a Galicia, favorecendo o seu asentamento laboral na nosa comunidade, apoiando a súa creatividade e talento e a iniciativa empresarial.

Tamén nesta Estratexia se recollen mecanismos para a orientación e seguimento das persoas que volven á nosa comunidade para lograr a súa integración plena na sociedade galega.

Por todo o exposto anteriormente, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego das accións específicas enmarcadas na Estratexia Retorna 2020 que van dirixidas a apoiar a mocidade en todas as áreas do retorno, dende o emprendemento ata a súa orientación no proceso de integración na sociedade galega?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 31/10/2019 11:59:20

Jacobo Moreira Ferro na data 31/10/2019 11:59:37

María Isabel Novo Fariña na data 31/10/2019 11:59:51

José Manuel Rey Varela na data 31/10/2019 12:00:02

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Alberto Pazos Couñago na data 31/10/2019 12:00:17

Paula Prado Del Río na data 31/10/2019 12:00:47

María Julia Rodriguez Barreira na data 31/10/2019 12:01:08

Beatriz Mato Otero na data 31/10/2019 12:01:22

María Guadalupe Murillo Solís na data 31/10/2019 12:01:35

Sandra Vázquez Dominguez na data 31/10/2019 12:01:53

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGkqyqC4aMe7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Xan Xosé Jove González, deputada e deputado do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Centro Abeiro foi un proxecto posto en marcha na Coruña no ano 2017 para cubrir unha necesidade de persoas sen fogar que non cumpren as condicións para ser acollidas noutros servizos.

Existen numerosas persoas que por circunstancias vitais e/ou sociosanitarias ou non queren ou non son admitidas en recursos creados para persoas sen teito e desde Abeiro ofrecíase unha cobertura de descanso, hixiene e acompañamento social con esixencias mínimas de convivencia.

A día 24 de outubro de 2019 o Concello da Coruña procede ao seu peche inminente baseado nun requirimento da Xunta de Galicia. Dun día para outro, ás portas do inverno, ducias de persoas usuarias quedan sen o único recurso que cubría algunhas das súas necesidades.

Por todo o anterior, preséntase a seguinte Pregunta:

- Requiriu a Xunta de Galicia o peche inminente do centro Abeiro?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo
Xan Xosé Jove González
Deputada e deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 31/10/2019 12:05:55

Xan Xosé Jove González na data 31/10/2019 12:06:58

Á MESA DO PARLAMENTO

Dona **Eva Solla Fernández**, deputada do **Grupo Común da Esquerda** ao abeiro do artigo 155 do Regulamento do Parlamento, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á situación da logopedia en Galicia.

A logopedia é unha profesión sanitaria encargada de estudar, tratar e previr os problemas da comunicación humana, a linguaxe. As persoas diplomadas universitarias en logopedia desenvolven as actividades de prevención, avaliación e recuperación dos trastornos da audición, a fonación e a linguaxe, mediante técnicas terapéuticas propias de súa disciplina, tal e coma recolle a lexislación en materia de profesións sanitarias.

Son profesionais que atenden tamén os problemas de mastigación e deglución sendo este un elemento importante en persoas con trastornos neurolóxicos e motores relacionados con estas funcións que dificultan a súa alimentación e a preservación das vías aéreas.

É unha profesión ademais altamente feminizada (máis dun 95% de tituladas) e cunha media de idade relativamente baixa que sofre tamén unha alta precariedade, con baixos salarios e abundancia do tempo parcial.

Actualmente a rateo de logopedas na sanidade pública en Galicia é de 1/150.000 habitantes, unha cifra claramente insuficiente que empeora se atendemos á súa distribución. Das 17 profesionais, só unha fai o seu traballo en Lugo e ningunha en Ourense o que representa unha evidente falta de equidade.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Por outra parte, a situación en relación aos servizos sociais é aínda máis problemática, xa que a Consellería de Políticas Sociais non conta con ningunha logopeda entre o seu cadro de persoal, non existindo este servizo para as persoas maiores, con diversidade funcional ou dependentes usuarias das residencias e centros de día públicos.

Ante todo o exposto, **preguntamos:**

- Teñen pensado incrementar o número de logopedas nos servizos públicos dándolle un acceso máis equitativo ás galegas e galegos a este servizo?

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2019

Asdo. Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 31/10/2019 14:06:53



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ás intoxicacións alimentarias producidas en varios colexios.

O venres 18 de outubro, cinco garderías da rede da Galiña Azul, dependentes do Consorcio Galego de Benestar Social, advertiron de numerosas intoxicacións provocadas polo menú do día. Nenos e nenas das escolas infantís de A Choupana e O Hío, en Cangas, e de Arteixo, Eirís e A Sardiñeira, en Coruña, experimentaron unha serie de reaccións alérxicas que puxeron en alerta aos mestres e mestras dos centros. Todos eles comeran palometa. Posteriormente, o persoal de Saúde Pública confirmou que o pescado (tanto cru como cociñado) contiña histamina, unha substancia que aparece cando se degrada a histidina, un aminoácido esencial en animais.

Agora, volve repetirse a situación. Máis de corenta alumnos e alumnas de nove centros educativos de primaria e secundaria de Pontevedra e Marín sufriron unha intoxicación causada por palometa. Nin a empresa nin o catering eran os mesmos que nos casos das garderías, pero o lote de pescado era o mesmo.

Tendo en conta que, dende o primeiro momento, o Goberno galego sospeitou que o mal estado da palometa podía deberse a unha ruptura da cadea do frío durante o proceso de distribución, é inexplicable que non adoptara as medidas pertinentes para retirala do mercado. Tampouco que non advertira ás empresas de catering de



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

que non continuara ofrecendo o mesmo menú nos comedores públicos polo menos ata que se esclarecese o sucedido e se puideran ofrecer garantías de seguridade alimentaria.

Co seu desleixo, a Xunta de Núñez Feijóo volve demostrar que nin entender a relevancia que os comedores escolares teñen para a fomento de hábitos de vida saudables nin está capacitada para facerse cargo da súa xestión.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Como é posible que se volviera repetir o mesmo tipo de intoxicación en centros educativos?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 31/10/2019 16:24:23

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 31/10/2019 16:24:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás medidas a tomar diante da proposta de TACs e cotas por parte da Comisión Europea.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Comisión Europea acaba de facer pública a súa proposta de totais admisíbeis de capturas (TACs) e cotas para o ano 2020, na que persiste na marxinación a Galiza en base a teóricos informes científicos. Só desde unha posición de forza dos estados máis fortes da Unión Europea e da defensa dos seus intereses económicos e comerciais se pode entender a proposta realizada.

Realizan unha proposta de recorte tanto para o Gran Sol como para augas ibéricas, a pesares de que a biomasa está en bo estado, 59 stocks están no rendemento máximo sostíbel (RMS) en augas nas que faena moita da frota galega.

Proposta de novo de rebaixa das posibilidades de pesca: 20% para a pescada ibérica e 19% para a do Gran Sol. Redución para o xurelo do 50% na IXa e 41% na VIIIc. A cigala un 23% menos na IXa e só tres toneladas nas unidades funcionais 25 e 31. Rebaixa do peixe sapo dun 3%.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A decisión será adoptada no Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea no mes de decembro, polo que compre tomar unha posición activa en defensa do sector pesqueiro galego para que esta proposta non se verifique.

Por estas razóns fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións ten realizado para a defensa do sector pesqueiro galego no proceso de negociación para establecer os TACs e cotas para o ano 2020?

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2019

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 31/10/2019 16:50:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 31/10/2019 16:50:41

Noa Presas Bergantiños na data 31/10/2019 16:50:47

Olalla Rodil Fernández na data 31/10/2019 16:50:54

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/10/2019 16:51:02

Ana Pontón Mondelo na data 31/10/2019 16:51:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Ana Pontón Mondelo, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola preocupación social xerada ao coñecerse a noticia de que hai 1.200 consultas de Pediatría aprazadas en Ourense.

Exposición de motivos

A sanidade é un servizo público elemental para a boa calidade de vida dos galegos e galegas con independencia de onde teñan o seu lugar de residencia. Ademais de ser un dereito que debe ser subministrado e salvagardado pola administración pública, cando afecta a crianzas cómpre salvagardalo aínda máis.

Porén, a Consellaría de Sanidade e a Xunta de Galiza parecen ter decidido avanzar na senda da depauperación da atención pediátrica en Ourense.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Despois de desmantelar a atención de cirurxía pediátrica, agora vimos de coñecer que hai 1.200 consultas aprazadas actualmente por sobrecarga de traballo agravando unha situación de desatendemento, esperas innecesarias e desigualdade intolerables nun servizo como é o sanitario e nun público como o que é o infantil.

Diante desta situación, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas e deputados asinantes, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Que vai facer a Xunta de Galiza para que deixar de impedir que as crianzas de Ourense teñan un servizo de pediatría digno e con garantías?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 04/11/2019 13:54:54

Xosé Luis Bará Torres na data 04/11/2019 13:55:00

María Montserrat Prado Cores na data 04/11/2019 13:55:05

Olalla Rodil Fernández na data 04/11/2019 13:55:12

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/11/2019 13:55:18

Ana Pontón Mondelo na data 04/11/2019 13:55:26



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do recollido no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **PREGUNTA urxente** para a súa **resposta oral en Pleno**.

Xustificación da urxencia.

O venres 18 de outubro cinco garderías da rede da Galiña Azul, dependentes do Consorcio Galego de Benestar Social, advertiron de numerosas intoxicacións provocadas polo menú do día. Nenos e nenas das escolas infantís de A Choupana e O Hío, en Cangas, e de Arteixo, Eirís e A Sardiñeira, en Coruña, experimentaron unha serie de reaccións alérxicas que puxeron en alerta aos mestres e mestras dos centros.

Posteriormente, o persoal de Saúde Pública confirmou que o peixe que comeran, palometa, (tanto cru como cociñado) contiña histamina, unha substancia que aparece cando se degrada a histidina, un aminoácido esencial en animais. Segundo o Goberno, a causa máis plausible da aparición da histamina é a ruptura da cadea do frío do alimento.

Non obstante, o xoves 10 de outubro, no centro de A Choupana, xa se producira un brote de intoxicación que afectou a cinco rapaces. Ese día o menú non consistira en peixe, senón en brócoli con ovos e macarróns con polo.

Tódolos anos insistimos na importancia que teñen os comedores escolares no fomento de hábitos de vida saudables. Cómpre que o Goberno galego o asuma de



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/11/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 58411
Data envío: 04/11/2019 16:20:21.529

inmediato e adopte medidas urxentes para impedir que casos como os citados se volvan producir.

Por todo isto, o Grupo Común da Esquerda presente a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que medidas pensa adoptar a Xunta de Galicia para evitar que algo semellante non volva acontecer?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 04/11/2019 16:12:30

Luca Chao Pérez na data 04/11/2019 16:12:44



Á Mesa do Parlamento

Moisés Rodríguez Pérez, Miguel Tellado Filgueira, Marta Nóvoa Iglesias, Moisés Blanco Paradelo, María Antón Vilasánchez, Sandra Vázquez Domínguez e Cristina Romero Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta oral Pleno polo **procedemento de urxencia**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que a Xunta explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de Motivos:

O pasado xoves coñecemos o acordo de fusión entre PSA e Fiat Chrysler para formar o cuarto grupo automobilístico mundial, unha decisión que pode supoñer novas oportunidades para a factoría de Balaídos e o conxunto da industria auxiliar galega, en tanto que son un referente internacional de competitividade grazas á súa aposta pola innovación, a fábrica intelixente e a formación constante dos cadros de persoal.

O mellor exemplo está nos dous novos modelos (K9 e V20) que garanten carga de traballo en Vigo e a súa contorna durante a próxima década, así como as cifras acadadas polo sector o pasado ano: 22.300 empregos directos, que representan o 13% do emprego industrial de Galicia, e unha cifra de negocio de 8.650, millóns de euros.



Precisamente, cómpre subliñar que hoxe arranca unha segunda quenda da produción do novo SUV Peugeot 2008 co emprego de 600 persoas, despois da formación recibida no último mes para realiza as tarefas recomendadas.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Pleno:

-Que está a facer a Xunta de Galicia para acompañar ao sector da automoción galega na consolidación do seu crecemento dos últimos danos e para dar resposta ao escenario futuro?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Moisés Rodríguez Pérez na data 04/11/2019 18:08:44

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 04/11/2019 18:09:00

Marta Novoa Iglesias na data 04/11/2019 18:09:25

Moisés Blanco Paradelo na data 04/11/2019 18:09:42

Maria Antón Vilasánchez na data 04/11/2019 18:10:04

Sandra Vázquez Domínguez na data 04/11/2019 18:10:22

Cristina Isabel Romero Fernández na data 04/11/2019 18:11:07



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Voceiro do **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia**.

Considera o presidente que a Xunta está destinando recursos suficientes a loitar as emerxencias feminista, climática e social de Galicia?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 04/11/2019 13:40:42



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, voceiro do Grupo Parlamentario **Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte PREGUNTA, dirixida ao Presidente do Goberno, para a súa resposta oral en Pleno.

PREGUNTA AO PRESIDENTE

- Sr. Presidente, vai continuar incidindo nas políticas que provocan o abandono do medio rural galego?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Voceiro do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 04/11/2019 16:18:36





Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Míguez, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno, dirixida ao Sr. presidente da Xunta de Galicia.

Sr. presidente, vai mudar Vde. as políticas da Xunta de Galicia para as cidades galegas?

Pazo do Parlamento, 04 de novembro de 2019

Asdo.: **Gonzalo Caballero Míguez**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 04/11/2019 18:06:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral en Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Sr. Feijóo cando ten previsto rectificar as políticas fracasadas da Xunta que non dan resposta ás necesidades de Galiza?

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2019


Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 04/11/2019 18:19:59





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGkayqC4aMe7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

